

VIERNES, 18 de febrero de 2011

TRIBUNA: LUCES

O silencio e a turia

OLIVIA RODRÍGUEZ | 18 FEB 2011

Archivado en: [Opinión](#) [Galicia](#) [España](#)

Na serie que destina a repasar a historia da cultura galega, o último venres de xaneiro Suso de Toro dedicaba un artigo á figura de Vicente Risco. Sen dúbida pretendía seguir conformando unha versión canónica do noso pasado, para o que ve necesario acabar de borrar de vez as pegadas e os ecos do que foi, *malgré tous*, o maior e máis influínte teórico do nacionalismo galego entre 1920 e 1935. De Toro quería borrar a foto, para que o noso pasado político e cultural quede, tras a operación de estética, máis presentable. Non vaia ser que nos afecte de portas adentro e afora.

De Toro fai un duro retrato de Risco con descualificacións que son primeiro físicas e terminan sendo morais, ideolóxicas, racistas e ata existenciais, pois négalle como suxeito un lugar no mundo. Toro odia a Risco, e ten perfecto dereito a facelo. Pero esquece que non pode amosar certo tipo de paixóns nun discurso que se pretende racional, como tampouco pode partir de preconceitos e simplezas. Ao deformar a figura de Risco e amosalo como intruso, alleo e illado, deforma tamén o contexto cultural e histórico. Seica non lembra as obras ás que se refire, nin as últimas investigacións sobre o nacionalismo e o papel de Risco na construción da cultura galega. Non coñece ben o suxeito que xulga implacablemente. Contradiciendo a imaxe que ilustra o artigo, cun Risco en posición de Buda en contacto coa natureza, De Toro deturpa un fermoso texto *oieriano* para amosar a Risco como un urbanita incapaz de entender a natureza. Non na Casa Grande, senón nos campos de Celeirón do seu Castro Caldelas natal, aprendeu Risco o sentimento da terra que fai diferente o pobo galego. No fervedoiro da Atenas de Galicia fundou *La Centuria* (1917) na que, á beira de textos esotéricos ou decadentes de Rodríguez Sanjurjo e Otero Pedrayo, presentou autores da última literatura europea e informou sobre libros de Xavier Bóveda ou do Marqués de Figueroa. É a estética de Valle-Inclán mesturada co simbolismo a que o leva a publicar un dos primeiros manifestos que expresan ese ambiente finisecular impregnado de esoterismo e orientalismo, que De Toro só apón a Risco para ir despegándoo da foto

Con todos os excesos e defectos, Risco é unha referencia inexcusable

De Toro fala do galeguismo como campo social existente daquela. Non tal: entre 1911 e 1916, data do berro das Irmandades, o galeguismo está morto. A finais de 1917, Risco incorpórase canda Otero, Cuevillas e Nogueiroa baixo o paraugas de Porteiro e Losada. Estes dous son os auténticos ideólogos, e Risco salienta como bo organizador, que dá a cara nos momentos difíciles e empéñase en estender a nova irmandade, procurando a concordia por riba das disensións, como se revela no seu epistolario. A prematura morte dos seus mentores e a súa capacidade de traballo van lanzalo á vangarda política. Viñera escribindo sobre o nacionalismo desde 1918, seguindo a versión da irlandesa Sinn Fein -con organización secreta protectora da cara pública do movemento-, e creando mitos e símbolos a termar do movemento, consonte as ideas de Losada e co entusiasmo de Castelao e Vilar Ponte. Esta é a liña que se quere levar á Irmandade da Coruña, onde o peso da tradición está facendo do nacionalismo un museo: velaí o motivo da redacción, orientada por Risco, e moi mal interpretada por De Toro hai un ano neste xornal, do manifesto *Mais alá!* de Manoel Antonio e Álvaro Cebreiro, a prol da destrución do vello panteón rexionalista

coruñés e a súa substitución polos novos.

Risco pon en marcha a revista *Nós*, idea de Losada que tarda en arrincar pola preguiza dos demais, e que será o detonante da colectivización dunha tarefa que, morto Losada, seguirá a resistir grazas ao tándem Risco/Castelao. Despois das disensións e o case esfarelamento do nacionalismo creado en 1918, vén o golpe de Primo de Rivera, e Calvo Sotelo entra en contacto con Losada e Risco para levar a cabo o proxecto de Mancomunidade Galega. Risco non se fía, pero coida que se hai unha Deputación Galega, teñen os nacionalistas que estar presentes para saír a flote, e para iso atopan apoios na Irmandade Nazonalista Galega e nas Irmandades. Axiña evidénciase o fiasco, e Risco declara ao ditador a guerra literaria n' *O porco de pé*. O nacionalismo fractúrase pola dereita en Pontevedra e máis tarde en Ourense, con Risco abandonándoo en febreiro de 1935. Non é, pois, o único en facelo. As convulsións europeas fanlle temer a revolución comunista, e entrégase a un catolicismo exacerbado que o afasta da Fronte Popular. Daquela repudia tamén o canto á xuventude e á violencia dos nazis en Berlín. Risco será expoliado polo fascismo, e os nacionalistas ignorarano como traidor. Agora De Toro quere botalo fóra tamén da historia anterior a 1936.

Coñece ben De Toro a *Historia de los judíos* e a súa contribución ao horror do século XX, que todos condenamos. Pero non *La Puerta de peña*, novela fantástica, de medievalismo outonal e catolicismo nada ortodoxo e menos aínda integrista. Tampouco as súas narracións e ensaios, e a inxente cantidade de traballos etnográficos nos que Risco entregou esa parte de amor por Galicia que non lograron conter nin a guerra nin o franquismo desilusionante, nin a condena dos seus propios herdeiros -pois dos vellos galeguistas que quedaron en Galicia seguiu recibindo agarimo. Risco alertou contra o dano que poden producir os bárbaros semicultos. Non sei se imaxinou que algúns deles tirarían contra el para eliminalo da historia. O tempo porá un día as cousas no seu lugar. Con todos os seus excesos e defectos, seguirá Risco a ser unha referencia inexcusable do noso pasado como nación e como cultura, e cada vez máis será tido en conta polos intelectuais que indagan acerca de como se leva a cabo a nosa conformación como pobo.

Olivia Rodríguez é profesora da Universidade da Coruña